

Orquestra Vigo 430

Foi creada no ano 2005, partindo coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade para, xa a partir de 2008, abordar progresivamente o repertorio sinfónico. A orquestra está formada na súa maioría por músicos profesionais, e complétase con moitos dos máis brillantes expoñentes da canteira musical do noso país, que cursan os seus últimos anos de carreira previos á súa incorporación ao mundo profesional. A orquestra considerou este aspecto como un trazo significativo da evolución e do grao de consolidación da música orquestral profesional da nosa sociedade, por canto demostra que é perfectamente posible conseguir un alto nivel de calidade con profesionais da propia terra, formados no noso sistema; contando ademais con músicos foráneos que, con carácter de invitados e pola súa excepcional calidade, enriquecen o seu labor formativo, creativo e divulgador.

Na actualidade o seu elenco vai, segundo o repertorio que se vai interpretar, desde os 17 músicos da pequena orquestra de cámara necesaria para abordar o repertorio barroco, ata os 50 que compón a formación sinfónica. A orquestra ten como director artístico a Javier Escobar e como director musical a Alejandro Garrido, un dos máis relevantes músicos novos do noso país.

No período que vai desde a súa creación ata hoxe en día, a Orquestra Vigo 430 foi recoñecida pola prensa e o público polo seu rigor e audacia na interpretación, así como pola súa frescura e vitalidade no escenario. Os seus programas de concerto reúnen música de diferentes épocas, autores e estilos, destacando o seu achegamento á música do século XVIII e XIX con criterios historicamente informados.

Como mostra de todo este traballo, pódese atopar no mercado o primeiro disco da orquestra, así como numerosos vídeos en Youtube ou Vimeo de diversos concertos, os cales dan mostra do nivel de excelencia conseguido grazas ao traballo realizado neste tempo. A crecente fama da orquestra fai que sexa cada vez máis requirida para proxectos discográficos.

VIOLÍNS I: Nicolás Ortiz (Concertino), Mario Peris, Marcos Escobar, Gabriela Correa, Cibrán Pérez, David García, Loida Díaz, Ana Shi Yu, Manuel Sabucedo e Paula Colás.

VIOLÍNS II: Elena Vázquez, Ángela Neto, Manuel Álvarez, M^{ra} José Pámpano, Estela Rodríguez, Sara Gil, Carla Fontán, Camila Fernández e Esin Yardimli.

VIOLAS: David López, Javier Escobar, Sara Marigómez, Sara Franco, Alba Novoa e Aida Álvarez.

VIOLONCELLOS: Isabel Figueroa, Beatriz Laborda, Sara Fontán, Carne Tubío, Margarita Mariño e Iván Nogueira.

CONTRABAIXOS: Matthew Coman, Óscar Rodríguez e Tamara Moreno.

OBOES: Daniel Cuchi e Iria Folgado.

FRAUTAS: Julia Estévez e Estefanía Fernández.

CLARINETES: David Fiuza e Libertad García.

FAGOTS: Daniel Garrido e Gonzalo Lemos

TROMPAS: Óscar Davila, Iván Abalde, Helen Burr e Ángela Freiría.

TROMPETAS: Adrián Viñas e David Alonso.

TIMBAIS: David Rodríguez.

PROGRAMA SINFÓNICO DE OUTONO

Temporada 2012 - 2013

PROGRAMA

1ª Parte

Jean- Philippe RAMEAU
Obertura de "Les Indes Galantes"

Wolfgang Amadeus MOZART
Concerto en Re maior para frauta e orquestra (K. 314/285d)
• Allegro aperto
• Adagio ma non troppo
• Rondeau: Allegro

PAUSA

2ª Parte

Felix MENDELSSOHN
Sinfonía N^o3 en La menor, Op. 56 "escocesa"

- Andante con moto - Allegro un poco agitato
- Scherzo - Vivace non troppo
- Adagio
- Allegro vivacissimo - Allegro maestoso assai

ORQUESTRA **430**
VIGO

Júlia
Gállego
Frauta

Alejandro
Garrido
Director

26 setembro
20:30 h.

Auditorio Martín Codax
Conservatorio Superior de Vigo
Rúa Manuel Olivé 23

ORQUESTRA **430**
VIGO

CONCELLO
DE VIGO



Notas do programa

Jean-Philippe Rameau (Dijon, 1683 - París, 1764) foi un compositor, clavecinista e teórico musical francés, moi influente na época barroca e cuxos tratados foron ata principios do século XX obras de referencia. A obra lírica de Rameau constitúe a maior parte da súa contribución musical e marca o apoxeo do estilo francés, nunha época en que este se opuxo con forza aos da música italiana, ata ben entrado o século XVIII.

A obertura de “As Indias galantes” (título orixinal en francés: “Les Indes galantes”) forma parte dunha ópera-ballet que narra historias de amor «galante» en lugares remotos e exóticos, comprendidos baixo o nome xenérico de «As Indias», como estaban considerados naqueles tempos lugares como Turquía, Perú, Persia ou Norteamérica. O desenvolvemento dramático mínimo destas pequenas historias servía como escusa para producir un «grand spectacle» no que os decorados, os vestidos suntuosos, os efectos especiais producidos polas maquinarias teatrais barrocas, e sobre todo a danza, tiñan un papel esencial. As “Indias galantes” simboliza a época despreocupada, refinada, dedicada aos praceres e á galantería propia da corte do Rei Luís XV.

O concerto para instrumento solista do período clásico chegará ao seu máximo nivel de perfección cos realizados por Wolfgang Amadeus Mozart (Salzburgo, 1756 – Viena, 1791), nos cales se acadou unha relación perfectamente equilibrada entre o solista e a orquestra e unha concepción sinfónica unitaria. De todos eles, os concertos para frauta e orquestra ocupan sen dúbida un lugar destacado. A data exacta de composición dos dous concertos que Mozart dedicou á frauta (Sol maior e Re maior) é incerta, aínda que a xestación do concerto en Re pode atribuírse ao período ocorrido entre maio e decembro de 1777, período no que Mozart vivía en Mannheim, e no que recibira do frautista amateur holandés Ferdinand Dejean o encargo de escribir «tres pequenos concertos fáciles e curtos e dous cuartetos para frauta», a cambio da suma de 100 floríns. Ao cabo de dous meses, Mozart escribira dous concertos e tres cuartetos. Dejean pagou a Mozart só a metade do que acordaran ao considerar que non se axustou ao seu encargo en tempo e forma, co conseqüente enfado do compositor, que, non obstante terminaría recoñecendo máis tarde que a súa mente estivera ocupada nesa época noutros proxectos moito máis complexos e ambiciosos. Quizais foi esta a causa de que o concerto en Re maior en realidade non fose escrito orixinalmente para frauta e orquestra, senón que fose unha

transcrición do concerto para oboe en Do maior, que Mozart escribira un ano antes, adaptado para a frauta coa tonalidade de Re Maior e con cambios substanciais para axustalo ao que o compositor consideraba que eran as particularidades técnicas do instrumento.

Considerado de gran dificultade, o concerto para frauta en Re maior é un concerto de carácter virtuoso que esixe unha gran capacidade técnica e dominio das posibilidades deste instrumento. O seu segundo movemento é considerado por si só como unha obra mestra chea de melancolía e profundidade.

En 1829, cando contaba vinte anos de idade, Félix Mendelssohn Bartholdy (Hamburgo, 1809 – Leipzig, 1847) levou a cabo unha longa viaxe por Escocia. As cartas que escribiu, con motivo da mesma, mostran claramente a fonda impresión que no seu espírito produciron as belezas da paisaxe e do ambiente daqueles lugares, tan pródigos en historia. As sensacións de Mendelssohn quedaron reflectidas en dúas das súas obras: “A Sinfonía Escocesa”, en La menor (opus 56) e a Abertura “As Hébridas”, tamén coñecida co nome da “Gruta de Fingal”.

Parece que a visita ao palacio real de Holyrood, medio en ruínas, e cuxo recordo está ligado á coroación de María Estuardo como raíña dos escoceses, foi a que constituíu a inspiración decisiva para que Mendelssohn decidise gravar as súas impresións sobre Escocia nunha sinfonía. Con todo, pódense atopar nesta obra moi poucos -por non dicir ningún- dos elementos musicais nacionais de Escocia, xa que Mendelssohn deploraba a música con tinguaduras nacionalistas cunha intensidade similar á que lle impactaron Escocia e as súas paisaxes.

Comenzada no inverno de 1830-31 e concluída en 1842, -un período de xestación inusualmente longo para a fácil inspiración de Mendelssohn- foi estreada o 3 de marzo do devandito ano na Gewandhaus de Leipzig, baixo a batuta do propio compositor. O éxito alcanzado foi tal que non tardaría en ser representada en Londres ante un público entusiasta. O feito de ser dedicada polo propio Mendelssohn a raíña Vitoria de Gran Bretaña e Irlanda, mostra moi ás claras o favor xeral do que gozaba en Inglaterra, onde se lle deu en chamar “o segundo Haendel”.

A sinfonía escocesa está considerada como unha das obras máis características e persoais de toda a produción de Mendelssohn. Destacan a súa perfección formal e o fondo subxugante da súa melodía. Aínda que o seu material temático non inclúe ningún tema característico escocés, trátase dunha música enormemente descritiva, xa que o espírito escocés e o seu ambiente están recollidos nela como rodeados dunha bruma poética e impalpable, preludiando o que, andando o tempo, será o poema sinfónico.

Júlia Gallego

Nacida en Altea en 1973, realiza os estudos de frauta travesera no Conservatorio “Óscar Esplá” de Alacante, no “Conservatoire Héctor Berlioz” de París e no “Conservatoire National Supérieur de Musique et de Danse de París (C.N.S.M. de París)” cos profesores Alain Marion, Raymond Guiot, Sophie Cherrier e Vincent Lucas; ademais completa a súa educación cos profesores Jaime Martín, M. Bourgue, P.L. Aimard...

Premio de Honra nos graos Medio e Superior, “Premier Prix de la Ville de Paris” en 1994, Primeiro Premio no Concurso “Montserrat Alavedra” co quinteto Haizea en 1994, “Premier Prix a l’unanimité du jury” do C.N.S.M de París en 1997, Primeiro Premio e Premio Especial do Público no concurso da ARD de Munich, co quinteto “Miro Ensemble” no ano 2001. Formou ademais parte da JONDE (1992-1996) e da “Gustav Mahler Jugend Orchester” (1997-2001).

Frauta solista da Orquestra Sinfónica de Tenerife (1997-1999) e da Orquestra Sinfónica de Galicia (2001-2002); cabe destacar as súas colaboracións coa Orquestra de Cadaqués, Chamber Orchestra of Europe, HR Frankfurt, BR München, Rotterdams Philharmonisch. Todas estas experiencias permitíronlle traballar con directores tan relevantes como C. Abbado, D. Harding, P. Boulez, M. Jansons, F. Brüggen ou S. Ozawa.

Ademais da súa actividade en orquestra, Júlia toca regularmente como solista en música de cámara. Como solista actuou coa Orquestra Sinfónica de Tenerife, Orquestra Cidade de Granada, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra de Cadaqués, Orquestra Sinfónica de Castela e León, a orquestra “bandArt”, e coa St Georges Strings. En música de cámara colaborou con músicos como Gordan Nikolic, R. Capuçon, D. Grimal, G. Caussé, H. Demarquette, F. Braley, R. Vlatkovic, Diemut Poppen, D. Quiggle e Claudio Martínez Mehner, entre outros, e participa regularmente en festivais internacionais de música de cámara, como recentemente nos Estados Unidos no “Charlottesville International Chamber Music Festival”.

Actualmente é membro da Mahler Chamber Orchestra (D. Harding), da Lucerne Festival Orchestra (C.Abbado), da Orquestra de Cadaqués, ademais de co-fundadora e frauta solista de bandArt (G. Nikolic). Profesora de frauta no ESMUC (Escola Superior de Música de Barcelona) e no “Conservatori Superior de Música do LICEU de Barcelona” desde 2006.

Alejandro Garrido

Nacido en Sevilla, Alejandro Garrido comeza os seus estudos musicais nesta cidade co profesor Fernando España, continuándoos no Conservatorio Nacional de París baixo a dirección de Bruno Pasquier e Christophe Coin, onde consegue o primeiro premio de viola en 1998. Entre 1999 e 2001 traballa na Hochschule de Frankfurt coa prestixiosa violista Tabea Zimmermann.

Alejandro Garrido actuou como solista acompañado pola Nova Orquestra Nacional de España, Orquestra Bética de Sevilla, Ensemble Barcelona 216, Orquestra Sinfónica de Tenerife, Orquestra de Premios do Conservatorio de París, Orquestra cidade de Granada, Orquestra Sinfónica de Gran Canaria, Orquestra deas Arts e Orquestra barroca de Mallorca. Tamén colaborou coa Orquestra da Bastilla, Mahler Chamber Orchestra, Orquestra de Cadaqués e Ensemble Intercontemporain, onde traballa con músicos como Claudio Abbado, Bernard Haitink, Pierre Boulez, Sir Neville Marriner e Barry Sargent. Foi ademais viola principal e solista da Orquestra de Radio Televisión Española. Adquiriu unha ampla experiencia en música de cámara no seo do cuarteto “Diotima” en París tocando en festivais en España, Francia, Portugal, Alemaña, Inglaterra, Suíza, Italia e Xapón.

Alejandro Garrido ten unha intensa actividade concertística internacional (colaborando habitualmente coa Orquestra de Cadaqués, Mahler Chamber Orchestra e BandArt) que compaxina coa dirección musical da Orquestra Vigo 430.